

O Equipo do Plan de Memoria Democrática de Galicia 2021-2024 organiza o acto de **recoñecemento á vítima da violencia franquista César Alberte Domínguez** no Salón de Plenos do Concello de Arnoia, o luns día 25 de novembro ás 12 da mañá.

O acto estará presidido pola Excm. Tenente Alcalde do Concello de Arnoia Dona Purificación Domínguez Rey

Participarán o responsable do Plan de Memoria democrática de Galicia 2021-2024, Lourenzo Fernández Prieto e parte do equipo de historiadores, arqueólogos, forenses e xenetistas que traballaron na fosa, amais da familia.

Sobre o asasinado:

Cesar Alberte Domínguez, natural e veciño de Arnoia, foi asasinado o 25 de novembro de 1936 en Castrelo de Miño, e enterrado no Cemiterio Parroquial de Filguera (Crecente). De profesión carpinteiro, era concelleiro en Arnoia dende febreiro de 1936. Fora detido no seu domicilio para ser “paseado”.

<http://vitimas.nomesevoces.net/gl/ficha/10819/>

<https://www.nomesevoces.net/gl/lugares/fosas/11/fosas-de-filgueira-3>

O acto é de entrada libre

Para máis información: histagra@usc.es